

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR xxxxxx PARA A PRÁCTICA E O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA EN IDADE ESCOLAR

Santiago de Compostela, 2026

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, nomeado conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e, en uso das competencias establecidas no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e de conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Don xxxxxx, presidente da Agrupación Deportiva Escolar xxxxxx, actuando na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos estatutos da agrupación.

EXPOÑEN

- I. Conforme ao Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume a competencia exclusiva na promoción do deporte (artigo 27.22), e correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- II. En desenvolvemento desta previsión estatutaria o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, norma que contempla entre as competencias da Administración autonómica a de *"promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar"* -art. 5.1.n)-, ámbito deportivo este que se especifica no art. 24 da norma onde, entre outras previsións, se contempla que a *"Administración autonómica fomentará, en colaboración e coordinación coas demais administracións públicas con competencia na materia, coas federacións deportivas galegas, cos clubs, coas agrupacións deportivas escolares e coas demais entidades deportivas, a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar, a través de plans e programas específicos. (...)".*
- III. No exercicio desta previsión, a Administración autonómica leva a cabo o programa XOGADE –Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar-, programa que se executa en colaboración coas federacións deportivas e as agrupacións deportivas escolares de Galicia.

- IV. O deseño do programa combina o carácter competitivo cun programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos de Galicia (tanto escolar como federado), apostando por un modelo orientado á participación, axustándose desta forma á concepción do deporte e da actividade física promulgada dende o Consello de Europa a través da Carta Europea do Deporte.
- V. Este carácter do programa facilita a consecución do seu obxectivo principal – obxectivo tamén esencial no conxunto da política deportiva autonómica–, que non é outro que o da promoción da saúde, da condición física e do benestar a través da práctica deportiva e de actividade física, procurando os medios para que todos os escolares galegos poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas sen que exista ningún tipo de discriminación.
- VI. Para o desenvolvemento do programa as agrupacións deportivas escolares son as responsables das actuacións que, no ámbito escolar do programa XOGADE, se desenvolven na súa zona territorial de acción, xunto coas accións levadas a cabo polas federacións deportivas e as medidas directamente asumidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, como son, entre outras, a facilitación do transporte e do seguro deportivo para todos os deportistas de 6 a 16 anos inscritos no programa.
- VII. As agrupacións deportivas escolares contémpanse na Lei como *“as asociacións de persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, se dedican exclusivamente á práctica deportiva en idade escolar”* (art. 49), existindo na Comunidade Autónoma un total de 32 que se distribúen entre as comarcas e concellos de Galicia, segundo consta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- VIII. Nesta asignación territorial, a Agrupación Deportiva Escolar **xxxxxx** desenvolve a súa actividade nos concellos de **xxxxxx**, realizando actuacións para o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE, sen prexuízo de calquera outra función que desenvolva no marco das súas funcións e competencias estatutarias.
- IX. Consonte ao descrito, no ámbito do programa XOGADE e dentro do marco de actuación, funcional e territorial da Agrupación Deportiva Escolar, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subscribir o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións e actividades deportivas en idade escolar, concretado nas actuacións recollidas neste documento.
- X. É evidente pois que a achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes –ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá ao desenvolvemento da práctica deportiva e a actividade física nas idades máis temperás, en consonancia co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, que no seu artigo 2.2 outorga ao deporte tal carácter.
- Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos da Agrupación Deportiva Escolar e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto, considérase de interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Agrupación Deportiva Escolar **xxxxxx** acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Agrupación Deportiva Escolar **xxxxxx** (en diante Agrupación Deportiva Escolar) para a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE.

Segunda.- Descrición do proxecto.

As actuacións que se desenvolven en virtude deste convenio de colaboración son as seguintes:

- Organización e desenvolvemento de probas deportivas.
- Organización e desenvolvemento de xornadas lúdicas-deportivas.
- Organización e desenvolvemento de competicións e concentracións deportivas.

Terceira.- Obrigas da agrupación deportiva escolar.

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a Agrupación Deportiva Escolar obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións do convenio, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas pola Xunta de Galicia.

- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.

A estes efectos, nos eventos deportivos de deporte escolar organizados en desenvolvemento deste convenio, nos soportes publicitarios dos mesmos e na páxina web da Agrupación Deportiva Escolar deberá figurar a lenda "*Programa XOGADE de deporte escolar financiado pola Xunta de Galicia*" acompañado da imaxe corporativa da Xunta de Galicia e da Secretaría Xeral para o Deporte a través do logotipo Deporte Galego, mediante a presentación da imaxe corporativa correspondente, conforme se indica a continuación:



Programa XOGADE de deporte escolar financiado pola Xunta de Galicia

- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Secretaría Xeral para o Deporte co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- A Agrupación Deportiva Escolar comprométese a xustificar ante a Secretaría Xeral para o Deporte todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.

Doutra banda, a Agrupación Deportiva Escolar presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR954B habilitado na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Solicitud, segundo o modelo do Anexo I.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal, segundo o modelo do Anexo I.
- Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades", segundo o modelo do Anexo I.

- Declaración responsable de que as persoas vinculadas á Agrupación con motivo do desenvolvemento do programa no ano 2025/2026 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, segundo o modelo do Anexo I.
- Autorización á Secretaría Xeral para o Deporte para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. Dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio, segundo o modelo do Anexo I.
Non obstante, a Agrupación Deportiva Escolar poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento, suposto no que deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Proposta de actividades programadas durante a vixencia do convenio segundo se especifica no Anexo V.

Cuarta.- Gastos subvencionables e orzamento estimado de gasto das actuacións subvencionadas.

1.-Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realizen dentro do período comprendido entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026.

2.- Serán gastos subvencionables os correspondentes aos seguintes conceptos de gasto:

- Material deportivo non inventariable das modalidades de Xogade.
- Gastos de organización, tales como material de oficina, comunicacións, desprazamentos, persoal de apoio, arbitraje, reserva e adecuación das instalacións onde se vai levar a cabo a actividade deportiva e calquera outro relacionado e directamente imputable á organización da actividade).
- Gastos xerais.

3.-Os custos tales como axudas de custo, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola Agrupación Deportiva Escolar á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade. En relación con esta natureza de gastos:

a) Os importes máximos subvencionables por gastos de manutención, aloxamento e desprazamento do persoal que participa no desenvolvemento das actividades subvencionadas (membros da Agrupación de-

portiva, traballadores e persoal colaborador), sen prexuízo de que se lles aboen ás persoas traballadoras os importes previstos na regulación que lles sexa de aplicación, serán os previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autónoma de Galicia para o grupo II, actualizadas por Resolución do 24 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia (DOG nº 229, do 1 de decembro), establecendo:

- Manutención completa: 44,09 €
- Media manutención: 22,04 €
- Aloxamento: 77,78 €
- Quilometraxe en vehículo particular: 0,26 € / km

b) Cando se presenten facturas que excedan destas cantidades, soamente será xustificable o importe establecido no decreto citado anteriormente.

c) Para a xustificación de gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as facturas xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

d) A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte, e incluírá en todo caso, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e o documento acreditativo do seu pagamento.

4.-Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os de administración sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada.

5.-O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

6.- De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor (considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos, en ámbolos dous casos co IVE excluído), o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades

que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se tivese realizado con anterioridade á data da sinatura do convenio.

7.- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

8.- Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

9.- De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor, que deberá estar asinado e datado.

10.- O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio ascende a€.

Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais

A Agrupación Deportiva Escolar, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder en consecuencia á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Sexta.- Financiamento e importe da axuda, e concorrencia con outras axudas

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará as accións do presente convenio ata un máximo de xxxxxx (xxxxxx €) con cargo á partida orzamentaria 05.02.441A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, código de proxecto 2014 00066. Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

O financiamento por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes das actuacións obxecto do convenio será compatible con outras axudas establecidas por outras administracións públicas, organismos ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sétima.- Réxime de pagamentos.

O pagamento da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- Un primeiro pagamento posteriormente á sinatura do convenio relativo aos gastos efectuados e pagados ata a data da sinatura do convenio, que se xustificarán na forma indicada na cláusula oitava.
- Poderase solicitar, empregando o anexo II, un anticipo de ata o 80% da subvención restante. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000€, o anticipo máximo será o 80% da diferenza entre 18.000€ e a contía xustificada, incrementado nun 10% sobre a contía da subvención que exceda dos 18.000€.

Estas solicitudes de pagamento, á correspondente ao gasto xustificado con anterioridade á sinatura do convenio e o anticipo en relación á subvención restante, efectuaranse simultaneamente dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte á sinatura do convenio.

- Un segundo pagamento polo importe restante, librarase unha vez xustificada a totalidade da actividade subvencionada por este Convenio.

Calquera modificación da contía asinada aplicarase despois de ter percibido o primeiro pagamento e será incluída na xustificación do segundo pago.

De conformidade co establecido no artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre establecer que quedan exonerados da constitución da garantía os beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fin de lucro.

Oitava.- Xustificación

8.1. Prazos de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Agrupación Deportiva Escolar deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación da subvención recibida nos seguintes prazos:

- a) A xustificación dos gastos efectuados e pagados con anterioridade á sinatura do convenio, dentro do mes seguinte á data da sinatura.
- b) A xustificación da subvención restante ata o 20 de outubro de 2026.

Se transcorresen estes prazos sen que a Agrupación Deportiva Escolar presentase a xustificación correspondente na Secretaría Xeral para o Deporte, requiriráselle para que no prazo improrrogable de dez días a achegue. A falta de presentación da xustificación neste prazo levará a apertura dun expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

8.2. Documentación que se deberá achegar.

A Agrupación Deportiva Escolar presentará ante a Subdirección Xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación da subvención con data límite segundo o disposto nesta cláusula, a través do procedemento PR954B na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

De conformidade co disposto no artigo 51 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará unha conta xustificativa simplificada que conterá a seguinte documentación:

- Anexo III.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidas na súa execución, segundo o modelo do Anexo V deste convenio; así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.
- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e da factura ou documento de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, segundo o modelo do Anexo IV.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que tivesen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o modelo do Anexo III.
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con él, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3º da LSG, deba ter solicitado a entidade beneficiaria.

En todo caso, a Secretaría Xeral para o Deporte comprobará, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe, os xustificantes que considere oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención; para este fin poderá requirirlle ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados, para o que deberán aportarse os seguintes documentos:

- Xustificación dos gastos realizados: Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior, emitidas dentro do período de vixencia do convenio establecido na cláusula cuarta.

- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido dentro do período de vixencia do convenio establecido na cláusula cuarta. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento

Para estes efectos, e consonte o artigo 42.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de importes inferiores a 1.000 € a documentación acreditativa do gasto e do pagamento poderá consistir no correspondente xustificante de recepción do provedor.

Novena.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento de gasto establecido na cláusula 4.10, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Esta minoración da subvención implicará a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe da mesma.

Décima.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a. O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b. Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización das actuacións subvencionables ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo primeira.- Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no suposto de que a entidade beneficiaria da subvención incorra en supostos de reintegro, e con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os intereses de demora, de acordo con o previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Décimo segunda.- Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse por medios electrónicos, tendo en conta que as persoas interesadas resultan obrigadas a recibilas por esta vía.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. As persoas interesadas, obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira – Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026, tal e como establece a cláusula cuarta.

Décimo cuarta - Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, formada por tres representantes da Secretaría Xeral para o Deporte e dous representantes da Agrupación Deportiva Escolar, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Tamén serán funcións desta Comisión a Interpretación do convenio, a intervención previa á resolución por incumprimento e estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, que se formalizarán a través das correspondentes addendas.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Subdirección de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte, ou persoa na que delegue, e a secretaría pola persoa titular da xefatura do Servizo de Fomento e Xestión Deportiva, ou no seu defecto por un funcionario/a da dita subdirección.

Décimo quinta .- Publicidade

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Asemade tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo sexta.- Resolución

O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen as actuacións.
- Por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.
- Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordado previamente a súa prórroga.
- Polo acordo unánime de todos os asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio ou noutras leis.

Décimo sétima.- Modificación no desenvolvemento dos proxectos subvencionados

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.

2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico das actuacións a desenvolver ou os prazos recollidos no presente convenio, poderase modificar o convenio por acordo das partes, a instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a. Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
- b. Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c. Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.
- d. A modificación non poderá supoñer incremento da contía da axuda concedida.

3. O beneficiario deberá solicitar de forma motivada esta modificación mediante instancia dirixida á Secretaría Xeral para o Deporte ata o 15 de setembro de 2026, para o seu tratamento na comisión de seguimento prevista na cláusula décimo cuarta. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

Dita modificación deberá formalizarse mediante a sinatura dunha addenda a este convenio.

Décimo oitava .- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte.

Décimo novena.- Protección de datos persoais

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacionxeral-proteccion-datos>

En canto aos datos persoais sobre os que a Agrupación Deportiva Escolar xxxxxx ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento, o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Agrupación Deportiva Escolar xxxxxx comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puidera levarse a cabo en virtude do presente convenio se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

3 . Deber de confidencialidade

O encargado do tratamento deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter a absoluta confidencialidade e reserva sobre todos os documentos, datos e informacións que lle faciliten durante a execución do convenio. Así mesmo, estará expresamente obrigado a:

- Utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- Non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- Facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- Aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu. Considerarase información confidencial aquela á que o licitante ou adxudicatario acceda en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo de 5 anos desde o coñecemento desa información.

4 . Condición de responsable e encargado do tratamento dos datos persoais que se poida derivar das actividades desenvoltas en execución do convenio

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais que se poida derivar das actividades desenvoltas no ámbito do presente convenio, detalladas na Cláusula segunda deste.

Pola súa banda, a Agrupación Deportiva Escolar xxxxxx ostentará a condición de encargado do tratamento dos datos persoais aos que teña acceso para o desenvolvemento das referidas actividades polo que, aos efectos do disposto nos artigos 28 e 29 do RXPd e no artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

(en diante, LOPDGDD) comprométese a dar cumprimento ás obrigas que se inclúen a continuación, e esixindo idéntico compromiso do persoal, propio ou externo, ao seu servizo:

a) Tratar os datos persoais de acordo coas instrucións do responsable do tratamento e só para os fins deste encargo. Se o encargado do tratamento considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXPd, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, porao inmediatamente en coñecemento do responsable.

b) Non comunicar os datos a terceiros, salvo que se conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, ou nos supostos legalmente admisibles. O encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.

O encargado do tratamento non poderá subcontratar ningún dos servizos que formen parte do obxecto do convenio e que impliquen o tratamento de datos persoais, salvo os traballos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos seus servizos agás os previstos no presente convenio. Sen prexuízo do anterior, no caso de que o encargado do tratamento necesite subcontratar parte dos servizos nos que interveña o tratamento de datos persoais, deberá respectar as condicións indicadas nos parágrafos 2 e 4 do artigo 28 do RXPd.

c) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais aos que teña acceso en virtude do presente convenio, aínda que finalice o seu obxecto.

d) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que o encargado lles informará oportunamente.

e) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

f) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, mediante as medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que poida cumprir coa súa obriga de responder as referidas solicitudes das persoas interesadas no prazo previsto pola lexislación vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, a primeiro requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos, a través de calquera medio fidedigno, do procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>, e dará traslado, asemade, ao responsable do contido da devandita solicitude.

g) Comunicarlle ao responsable do tratamento, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto no

artigo 33 do RXPD.

h) Apoiar ao responsable do tratamento na realización de avaliacións de impacto relacionadas coa protección de datos e na realización de consultas previas á autoridade de control, cando proceda.

i) Implantar, nos casos que sexa de aplicación, as disposicións contidas no R.D. 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.
- Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.

l) Designar, segundo o establecido no artigo 13.5 do devandito R.D. 311/2022, un Punto ou Persoa de Contacto (POC). O POC de seguridade será o propio Responsable de Seguridade da organización, unha persoa que forme parte da área de Seguridade ou unha persoa que teña comunicación directa con esta ou un departamento ou unidade da organización. O POC contará co apoio dos órganos de dirección, e será quen canalice e supervise, tanto o cumprimento dos requisitos de seguridade do servizo que presta ou solución que provea, como as comunicacións relativas á seguridade da información e a xestión dos incidentes para o ámbito do dito servizo. Indicarase, en todo caso, o nome e apelidos ou denominación do POC, o posto ou cargo en caso que sexa unha persoa física, así como o correo electrónico e teléfono de contacto.

m) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existir, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

n) Devolver ao responsable, tan pronto como finalice o encargo, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado e subencargados. Non obstante, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos, o encargado poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do encargo.

Vixésima .- Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa e, como tal, excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Vixésimo primeira.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento.

**O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes**

Diego Calvo Pouso

O/A presidente/a da Agrupación Deportiva

xxxxxx

xxxxxx